



Pilar Rojo felicita á BRILAT pola insignia de ouro que lle outorgou a Asociación de Amigos do Camiño Portugués a Santiago

- **Clausurou o acto de entrega da distinción, no que reivindicou o papel dos Exércitos e a plena integración da BRILAT en Pontevedra**
- **Sinala que na recente asemblea da CALRE, onde resultou elixida presidenta, puido comprobar a “sólida proxección internacional de Galicia, acadada, en parte, grazas á Ruta Xacobeá**

Santiago, 6 de novembro de 2013.- A presidenta do Parlamento de Galicia felicitou á BRILAT por ser distinguida coa insignia de ouro da Asociación de Amigas e Amigos do Camiño Portugués a Santiago, que lle foi entregada nun acto celebrado esta tarde na sede da Deputación Provincial de Pontevedra e que foi clausurado pola titular do legislativo autonómico.

Na súa intervención, Rojo Nogueira subliñou que “desde os seus respectivos ámbitos de actuación, tan diferentes como necesarios, tanto a BRILAT, como a Asociación de Amigas e Amigos do Camiño Portugués a Santiago foron quen de forxar un espazo propio e insubstituíble en Pontevedra, pero tamén con repercusión en toda Galicia”.

A presidenta do Parlamento reivindicou o papel que os Exércitos desenvolven no mundo actual, especialmente a través das misións internacionais nas que participan, como as misións de paz de Afganistán ou o Líbano, no caso da BRILAT. Pero destacou e agradeceu, ao tempo, a participación da BRILAT en tarefas de vixilancia dos montes galegos durante a época de risco de incendios, “e en toda actuación para a



que se solicita a súa colaboración, acrecentando, deste xeito, os vínculos entre Exército e sociedade, vínculos dos que en Pontevedra podemos e queremos dar boa fe”.

Pilar Rojo tivo tamén palabras de recoñecemento para a Asociación de Amigas e Amigos do Camiño Portugués a Santiago, aos que atribuíu boa parte do mérito de que este itinerario se teña convertido no segunda ruta xacobeá máis transitada, despois da francesa.

Proxección internacional de Galicia

“Recentemente, en Bruxelas, quen lles fala –afirmou a presidenta do Parlamento de Galicia- tivo a honra de ser elixida para presidir durante 2014 a Conferencia Asembleas Legislativas Rexionais de Europa (CALRE), unha organización integrada polos 74 parlamentos rexionais de 8 países e puiden constatar, con orgullo, que Galicia goza dunha sólida proxección internacional baseada, en boa parte, na Ruta Xacobeá en torno á que se edificou o ideario europeo que hoxe coñecemos”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.